


MATEMÁTICAS E POESÍA




SUMA TOTAL

Son a suma total
Son a suma total
daque! que foi medindo
a pegada aquela que non digo,
pegada que soía se puxo o seu nome.
Son resta da esperanza -diferencia quedou-
Multiplicada xa nacín,
pra qué dividirme agora?
San, enteira voume indo,
san, enteira vou quedando,
o paso xa me cederon,
inda que o camino se vira,
vaise virando en duro,
as pegadas ben se ven
vense volcar nas penas,
líman os picos dos montes,
rañan a cume i o mar,
rañan as alturas todas,
rañan a neboa,
rañan o sol,
ráñanse todas nunha,
ésta cingese
vaise cinguindo.
i Terra, alma donai
Pegada que soía
se puxo o seu nome.



María Mariño

MATEMÁTICAS E POESÍA



CANZÓN DE BERCE

[...]

Heiche dar, meu meniño, unha nube branca
que para ti teño gardada na arca.

Si me durmes pronto tamén che darei
os catro cabalos dos fillos do rei,
as sete estreliñas do carro dos celos




e as lúas noviñas que gardo nos seios,
un galo que baila e un año que canta,
un arbore de zucre e un anxo de prata,
un mar pequerrecho que teño escondido
con cen mariñeiros de branco vestidos...

[....]



Eduardo Blanco Amor

MATEMÁTICAS E POESÍA



LINGUA SOBRENATURAL

Se abres unha mazá
se lle partes o corazón no medio
cun corte crocante
dos que desprenden olor
un cheiro rubio profundo por un silencio
a clorofila

Se abres a mazá así entre as túas mans
de primate
esas mans que non coñezo e adoro de antemán

Se cortas / a mazá / polo seu / eixo imaxinario / de mazá
o seu ecuador de mazá / a súa traxectoria dividida en dous /
no aire introvertido sobre a cabeza dun Newton que toquea
dun fillo de Guillermo Tell cunha espiñada
se abres a mazá de Turing
a mazá madrastra
a mazá mordida cun xersei de arco iris

Se abres as mazás máis mazás de todas as mazás
e todas as mazás do mundo
ácidas e nucleicas
as camoesas que xamais probei
as de Paris volto Hespéride
ese mozo louco con roupa de muller
mazá travestida
con marcas de dentes e unha drupa fértil
até a voracidade

se o fas

se o fas

mete a lingua na estrela de cinco
puntas que rodea o poema

la pomme
la pomme fatale

pebideiro de estrela
semente de cianuro

ácido azul á esclavar enlaces celulares

mete a lingua no que non se atreven outros
mete a lingua até a dor á fin das mazás en flor

estrela coa túa lingua na semente do abismo
é dicir
rompe a falar

rompe a falar d'oiro vivo o que unha vez foi escuro
no centro explosivo dunha froita fetal feita na luz

a túa lingua
cara ao sobrenatural



Estibaliz Espinosa